

# O Camiño de Santiago en San Martiño de Duio.



## De Fisterra a S. Martiño de Duio.

En Fisterra, os peregrinos soben ata o faro para coñecer e admirar a posta de sol no horizonte, como unha cerimonia de renovación. De camiño ven a Igrexa románico-oxival de Santa María das Areas, onde é venerada a talla do Santo Cristo. O retorno pode realizarse, mellor que por carretera, atravesando a pista de terra que sobe ao Monte do Facho e continúa ata a aldea de Insua e Fisterra, que nos ofrecen magníficas vistas sobre o cabo da Nave e o areal de Mar de Fóra. Ademais, de camiño poden verse as coñecidas ruínas de San Guillerme, capela de moita tradición entre os peregrinos, e relacionada cos antigos cultos da fertilidade, ata o XVIII executados no leite do santo por parellas que non tiñan descendencia.

A partires da vila do Cristo, pola C-552, xiraremos á esquerda, cara a parroquia de S. Martiño de Duio.

## De San Martiño de Duio cara Lires.

Camiñaremos polo istmo areoso que agocha a antiga cidade de Dugium que puido ser arrasada polo mar, como di a lenda, ou polo suevo Reckila a causa de teren destruído os seus habitantes os templos arrianos. Pasaremos por Escaselas e San Salvador, onde longas rectas entre campos de cultivo nos deixan na Punta do Rostro, lugar do naufraxio do tristemente célebre navío Casón. Rodearemos o enorme e desolado areal de Rostro por unha carretera que evita as aldeas de Buxán, Suarriba e Castrexe. Desde a aldea de Padris entramos no Camiño Real a través dun monte de pinos e eucaliptos. Esta vía vai dar ao Mellón de Lires, outro magnífico mirador sobre un rosario de promontorios, desde onde se ve a extensa praia de Nemiña.

## ECOS DA MITOLOXÍA PRECRISTIANA NO VAL DE DUIO.



Cabo Fisterra e val de Duio desde o mar.

San Martiño é unha aldea que forma parte do val de Duio, constituído por varias aldeas máis, con topónimos curiosos que parecen gardar coherencia coa teoría de que a cidade de Duio estivo antigamente mergullada. Por exemplo, Insua facería alusión a unha illa, Escaselas proviría de Illas Caselas e incluso, segundo Luis Monteagudo, se podería identificar do *Artabrorum Portus*, de Ptolomeo, coa actual aldea de Mallas.

O certo é que, preto da praia de Duio poden verse aínda hoxe as ruínas que poderían pertencer a un asentamento romano ou prerromano coñecido como Dugium. Aínda non está claro como rematou o enclave orixinal baixo das augas.

A toponimia da área de Fisterra, incluída o val de Duio, conserva vestixios mitolóxicos coma o do heroe troiano Jurys (que puido derivar en Gures), que vivía en Duio, quen se salvou do incendio que asolou á cidade, lanzándose ao mar nas costas dun boi, que afogou e quedou petrificado no lugar que hoxe ocupan as pedras chamadas "Os bois", que fan tamén referencia ao sol pola proximidade ás Lobeiras, dúas illas situadas entre Fisterra e o monte Pindo. Autores hai que ven tamén a raíz latina lupus no nome da raíña Lupa. O lobo é símbolo do sol que devora á lúa, representada pola loba. E o nome de Hermedesuxo semella facer referencia ao mitolóxico mensaxeiro Hermes.

As dúas montañas do Cabo Fisterra semellan, vistas desde o val de Duio, os peitos dunha muller, e a elas podería aplicarse a frase de Homero que fala da "brillante lumbreira do Sol, arrastrando tras de si a noite negra sobre a terra de fecundos seos". O tema da fecundidade aparece reiteradamente nos cultos precristiáns reflectidos na ermida de San Guillerme (onde as parellas asistían a ritos de fertilidade) e nas Pedras Santas, onde se puña a proba a virtude das doncegas tal vez druidesas. Máis tarde pasaría a ser un símbolo da Virxe María, como evidencian estas palabras de Erich Lassota, no século XVI: "Noutra montaña hai dúas grandes e case redondas pedras que se chaman Pietras Sanctas; sobre elas dise que descansou Nosa Señora. Estas aínda cando non se poden retirar nin con varios bois, pódense mover cun dedo, que eu mesmo o comprobei".

Vese en Fisterra o xogo de contrastes: a estrela matutina alude a Venus e é unha das letanías que loan á Virxe. A cuncha de vieira, símbolo de Afrodita é tamén emblema dos peregrinos de Santiago. A cadeira de pedra onde se sentaron Santiago, Pedro e Xoán, testemuñas da Transfiguración, onde o rostro de Deus era brillante coma o sol. Dese Sol viña a falar Santiago, e no trasfondo aparece a Resurrección, tan viva en Fisterra aínda hoxe nas súas festas, escenificada polos mesmos veciños.

A espiritualidade que esperaba nos antergos a contemplación do solpor no océano foi asimilada pola morte do Santo Cristo. E cada novo amencer traía a esperanza da Resurrección, moi viva nesta zona, que aínda hoxe é escenificada polos veciños cada Semana Santa.

A tradición xacobeana encabela pacificamente os novos símbolos cristiáns sen chegar a desterrar da memoria colectiva os máis antigos, feito moi cotián en Galicia.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



A igrexa actual de S. Martiño de Duio é unha construción iniciada no 1.717, como di a inscrición na xamba esquerda da ábside: "Ecclesia esta esta fundamentis instaurata archipo Ludovico, rectore Matheo Valdivieso, año de 1717".

A igrexa é unha sinxela nave rectangular, que dispón dunha sacristía adosada. Posúe unha espadaña con dúas campás e un par de bancos de pedra a ámbalas dúas bandas da entrada principal, coroada por unha imaxe de pedra de S. Martiño. A pesares de non ser tan antiga coma outras igrexas da redonda, o nome de Duio está vinculado á lenda Xacobeá desde as súas orixes, como explica a lenda da Traslación.



Cruceiro de S. Martiño de Duio.

Subindo a aldea de San Martiño e deixando atrás as casas aparece á esquerda da carretera, en plena fraga, un precioso cruceiro de feitura lisa e rotundas pezas.

A súa plataforma e pedestal é cuadrangular con chafráns. O capitel é cuadrangular. O material é granítico, agás a cruz, que é de ferro.



Mar de Fóra, Duio



Lenda da Traslación no Códice Calixtino, libro III, século XII)

## FISTERRA E A LENDA DA TRASLACIÓN

Unha segunda lenda liga directamente a Fisterra coa tradición xacobeá. É a lenda de "la Tralatio" recollida por primeira vez na carta "Noscat vestra fraternitas" (séc.XI) atribuída ao Papa León III, e que atopa redacción definitiva no Libro III do Códice Calixtino (séc. XII).

Esta lenda conta que decapitado Santiago cara o ano 42 por Herodes Agripa, os seus discípulos, seguindo o mandato de enterrar aos Apóstolos "onde predicaron", embarcaron o seu corpo desde o porto palestino de Jaffa nun navío que arribou, tras sete días de navegación, no porto de Iria Flavia (Padrón), onde desemboca o río Ulla. Ao depositar o corpo do mestre nunha rocha, esta cedeu coma se de cera fose, ata se converter no sarcófago do santo (de aí o nome de Padrón, é dicir, pedrón, rocha). Chegada a noite, os discípulos adentráronse nas doce millas no interior ata o lugar elixido para o enterramento e acudiron logo á raíña nativa Lupa, dona dos contornos, a quen pediron unha parcela para enterralo. A raíña, temerosa de ser reprobada polos romanos establecidos en Galicia, enviou a solicitar autorización ao gobernador romano Filotro que vivía en Duio (hoxe San Martiño e San Vicente de Duio), quen os prende con intención de matalos, aínda que conseguen sorprendentemente fuxir. Os soldados perseguíronos e cando finalmente os alcanzan no momento de cruzaren unha ponte (crese que preto do actual Pontemaceira), escachan os cimentos e os perseguidores caen do alto, perecendo afogados. Volveron os discípulos de Santiago Apóstolo onde a raíña Lupa, que enterada do acontecido, quixo desfacerse deles enviándoos ao monte Illicinos (hoxe Pico Sacro). Indicoulles que ali atoparían uns bois mansos para tiraren do carro que levaba os restos de Santiago, cando en realidade eran touros salvaxes. Ao se achegaren os discípulos aos touros, estes perderon a súa bravura, deixándose poñer ao carro. Conta a lenda que con eles se dirixiron ao pazo da raíña Lupa, que asombrada por estes sucesos se convertiu ao cristianismo e ofreceu o seu pazo ao Apóstolo e aos seus dous discípulos como sepulcro e lugar de veneración. Ese lugar debeu ser o chamado Libredón, a actual Compostela.